



Boas prácticas para o uso da Plataforma de aprendizaxe virtual E-

Dirixido a alumnado, familias,
profesorado e persoal de orientación e
dirección do centro educativo

Elaborado por Centro de Ciberseguridade da Amtega

Dixgal



CONTROL DE VERSIÓNS E DISTRIBUCIÓN			
NOME DO DOCUMENTO:	Boas prácticas para o uso da plataforma E-Dixgal	VERSIÓN:	01.00
COD. DO DOCUMENTO:	BP_UsoPlataformaEdixgal_v.02.00		
ELABORADO POR:	Centro de Ciberseguridade da Amtega	DATA:	20/10/2021
VALIDADO POR:	Subárea de Seguridade	DATA:	
APROBADO POR:	Subárea de Seguridade	DATA:	

REXISTRO DE CAMBIOS		
Versión	Causa da nova versión	Data de aprobación
01.00	Versión inicial do documento	

CLÁUSULA DE CONFIDENCIALIDADE

Este documento é propiedade da Amtega (Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia). Deberá empregar este material exclusivamente para os servizos que foron acordados coa Amtega e que requiren necesariamente da súa utilización. Está prohibida a reprodución parcial ou total, por calquera medio ou método, dos contidos deste documento para calquera outro uso non acordado coa Amtega.

Índice

1. INTRODUCCIÓN.....	4
2. NORMATIVA APLICABLE E REFERENCIAS.....	5
3. USO DA PLATAFORMA DE APRENDIZAXE VIRTUAL E-DIXGAL POLO ALUMNADO, FAMILIAS OU OUTRAS PERSOAS QUE EXERZAN FUNCIÓNS DE TUTELA, GARDA OU ACOLLEMENTO.....	6
3.1. Boas prácticas para o alumnado.....	6
3.2. Labor de orientación, concienciación e revisión por parte dos pais/nais ou titores.....	7
4. USO DA PLATAFORMA DE APRENDIZAXE VIRTUAL EDIXGAL POLO PROFESORADO E EQUIPOS DE DIRECCIÓN E ORIENTACIÓN DOS CENTROS.....	9
4.1. Fomento do uso seguro das TIC no ámbito educativo e apoio ao alumnado e familias.....	9
4.2. Boas prácticas para o profesorado e os equipos de Dirección.....	10

1. INTRODUCCIÓN

A plataforma de aprendizaxe virtual E-Dixgal é unha ferramenta posta ao dispor da comunidade educativa para transformar a aula tradicional nunha aula dixital, coa implicación de toda a comunidade educativa: pais, nais, titores/as legais, docentes, equipos de Dirección e orientación dos centros educativos e alumnado. Tal e como recolle a Guía de Centros Educativos da Axencia Española de Protección de Datos (AEPD), as administracións educativas deben contar con protocolos, instrucións, guías, pautas ou recomendacións para o uso das tecnoloxías da información e a comunicación (en diante, asTIC) neste ámbito.

Para informar á comunidade educativa sobre o bo uso das diferentes funcionalidades da plataforma E-Dixgal, abórdase o desenvolvemento deste documento de Boas Prácticas, que se articula segundo os destinatarios deste, diferenciando as cuestións dirixidas aos alumnado e aos seus proxenitores ou titores, daquelas dirixidas ao profesorado e a Dirección do centro educativo. Neste marco, cobra especial relevancia a prevención de casos de violencia dixital (Lei Orgánica 8/2021, do 4 de xuño, de protección integral da nenez e a adolescencia contra a violencia), entendida esta violencia como calquera acción, omisión ou trato negligente que priva aos menores de idade dos seus dereitos e benestar, que ameace ou interfira co seu ordenado desenvolvemento físico, psíquico ou social, independentemente dos seus medios ou forma de comisión, incluída a realizada a través das tecnoloxías da información e a comunicación.

En base ao anterior, este documento ten como obxectivos:

- Dar a coñecer, sensibilizar e facilitar un uso responsable das TIC por parte de todos os axentes da comunidade educativa, conseguindo a implicación de todos eles.
- Asegurar que o alumnado e as súas familias ou outras persoas que exerzan funcións de tutela, garda ou acollemento se beneficien das vantaxes do uso da plataforma de aprendizaxe virtual E-Dixgal de forma segura.
- Fomentar o uso adecuado dos recursos da plataforma de aprendizaxe virtual E-Dixgal restrinxindo o seu uso á finalidade educativa a fin de evitar a realización, a través desta plataforma, de condutas contrarias á convivencia, poidan conculcar os dereitos e liberdades das persoas usuarias ou que poidan afectar ao seu funcionamento.
- Proporcionar ás persoas usuarias do sistema pautas e indicacións para afrontar as diferentes situacións que poidan orixinarse durante o seu uso.

2. NORMATIVA APLICABLE E REFERENCIAS

- Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016 relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos ou RXPD).
- Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais (LOPDGDD).
- Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación (LOE).
- Real Decreto do 24 de xullo de 1889 polo que se publica o Código Civil.
- Lei 26/2015, do 28 de xullo, de modificación do sistema de protección á infancia e á adolescencia.
- Lei Orgánica 8/2021, do 4 de xuño, de protección integral á infancia e a adolescencia fronte á violencia.
- Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa (Galicia).
- Decreto 8/2015, do 8 de xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar.
- ‘Guía para centros educativos’, da Axencia Española de Protección de Datos (AEPD).
- Is4 k.es: Internet segura for Kids: espazo do Instituto Nacional de Ciberseguridade – Incibe con recursos e formación en materia de privacidade, uso das TIC, prevención do ciberacoso, grooming...
- ‘Ti Decides na internet’: Espazo web da AEPD que inclúe materiais relacionados con protección de datos, privacidade e menores.
- ‘Aseguratic’: Repositorio de materiais educativos sobre seguridade do menor en medios dixitais, creado polo Instituto Nacional de Tecnoloxías Educativas e de Formación do Profesorado (INTEF) xunto á AEPD.

3. USO DA PLATAFORMA DE APRENDIZAXE VIRTUAL E-DIXGAL POLO ALUMNADO, FAMILIAS OU OUTRAS PERSOAS QUE EXERZAN FUNCIÓNS DE TUTELA, GARDA OU ACOLLEMENTO

3.1. Boas prácticas para o alumnado.

A continuación, inclúense Boas prácticas dirixidas ao alumnado usuario da plataforma de aprendizaxe virtual E-Dixgal :

- O uso da plataforma de aprendizaxe virtual E-Dixgal, e especialmente o seu sistema de mensaxería, **limitarase preferentemente a cuestións estritamente académicas** (preguntas sobre a materia ou tarefas, coordinación de grupos de traballo ...). Desta forma, **evitarase o reenvío de mensaxes en cadea, comunicacións con fins comerciais ou publicitarios de calquera tipo, etc.**
- **As comunicacións dentro da plataforma de aprendizaxe virtual E-Dixgal realizaranse sempre de forma respectuosa** entre toda a comunidade educativa. **Non se permitirá o uso da plataforma de aprendizaxe virtual E-Dixgal para o envío ou difusión de mensaxes ofensivas, discriminatorias por calquera motivo, de contido sexual ou calquera outro que se considere non axeitado** en relación á idade ou estado de desenvolvemento das persoas destinatarias. Estas actitudes non deberán atopar o recoñecemento, aplauso ou difusión por parte do alumnado nin das familias deste.
- **Non se permitirá o uso da plataforma de aprendizaxe virtual E-Dixgal para a comisión de calquera situación de acoso**, xa sexa de forma individual ou grupal.
- As funcionalidades da plataforma de aprendizaxe virtual E-Dixgal **non se utilizarán como vía para compartir vídeos ou fotografías de carácter privado non relacionadas coa función educativa**. En caso de ser destinatario destas, nin o alumnado nin as súas familias deberán reenvialas ou difundilas por este ou ningún outro medio e deberán notificar o acontecido ao/á Coordinador/a Edixgal ou ao/á titor/a do seu grupo.
- **Debe evitarse o uso da ferramenta de mensaxería da plataforma de aprendizaxe virtual E-Dixgal para manter conversacións privadas entre o alumnado**. Débese ter especial cautela e evitar manter conversacións que poidan revelar datos persoais do alumnado, as súas familias ou profesorado, como números de teléfono, direccións postais, localizacións, datos bancarios, imaxes ou vídeos onde se identifique a persoas físicas, etc., así como calquera outra información que poida afectar á intimidade das persoas usuarias do sistema de mensaxería ou de terceiros.
- **O contrasinal de acceso á plataforma debe ser o suficientemente complexo ou robusto para evitar que sexa fácil de adiviñar por outras persoas**. Os contrasinais non se deben facilitar nunca a outras persoas nin se deben de compartir por ningún medio. **As persoas usuarias da plataforma non poderán acceder a esta coas credenciais (nome de usuario e contrasinal) doutra persoa.**
- **Para a resolución de conflitos ou cuestións relevantes que deban ser transmitidas ao profesorado ou á Dirección do centro, será preferible o contacto por outras vías diferentes á plataforma de aprendizaxe virtual E-Dixgal** (correo electrónico, teléfono, en persoa, etc.).

- **Aquel alumnado ou familias que teñan sospeitas ou coñecemento dun uso inadecuado da plataforma deberán comunicalo inmediatamente ao Centro, a través do profesorado correspondente, da persoa designada como coordinador/a de E- Dixgal ou da Dirección, ou ao/á Coordinador/a de Benestar e Protección, para que se tomen as medidas oportunas.**
- **No caso de que se detecte un uso inadecuado de calquera das funcionalidades desta plataforma ou que poida resultar contrario á convivencia, o centro educativo poderá inspeccionar os seus contidos, en particular, o sistema de mensaxería ou outras ferramentas participativas.**
- As anteriores indicacións xunto coa información relativa ao tratamento de datos persoais derivado do uso da plataforma serán presentadas no momento de acceso á ferramenta, de modo que o alumnado as teña presentes no seu uso cotián.

3.2. Labor de orientación, concienciación e revisión por parte dos pais/nais ou titores.

As familias ou outras persoas que exerzan funcións de tutela, garda ou acollemento han de ter presente que, para o cumprimento das boas prácticas sinaladas no apartado precedente por parte do alumnado, será fundamental o seu labor de orientación e concienciación no ámbito doméstico, debendo transmitir aos seus fillos/as ou nenos e nenas tutelados:

- **A importancia do respecto cara aos seus compañeiros/as e o profesorado, tamén na contorna en liña.**
- **A importancia da privacidade e da protección dos datos persoais, tanto seus como dos seus compañeiros/as, profesorado e resto de axentes que forman parte do ámbito educativo, con especial coidado ao publicar imaxes, vídeos ou datos persoais para non poñer en risco a intimidade, nin o dereito á propia imaxe doutras persoas. É fundamental que as familias fomenten o diálogo sobre os hábitos de utilización da plataforma de aprendizaxe virtual E-Dixgal e lle proporcionen aos nenos e nenas orientacións sobre o seu uso, axudándolles a empregar os recursos dun xeito respectuoso e seguro, interesándose pola súa actividade na plataforma e prestando especialmente atención a posibles situacións de discriminación ou acoso en liña. Neste labor son de gran utilidade para as familias os contidos de diferentes páxinas web oficiais de organismos e autoridades, nas que poderán atopar materiais educativos sobre seguridade en medios dixitais:**
 - **Ti Decides na internet**: espazo web da Axencia Española de Protección de Datos (AEPD) no que se poden atopar todo tipo de materiais relacionados con protección de datos, privacidade e menores (<https://www.tudecideseninternet.es/>)
 - **Aseguratic**: o Instituto Nacional de Tecnoloxías Educativas e de Formación do Profesorado (INTEF) xunto á AEPD e outras entidades puxeron en marcha o espazo web Aseguratic, un dos maiores repositorios de materiais educativos sobre seguridade dos/das menores en medios dixitais (<https://intef.es/aseguratic/>).

- Internet segura for kids: espazo do Instituto Nacional de Ciberseguridad - Incibe con recursos e formación en materia de privacidade, uso das TIC, prevención do ciberacoso, prevención do grooming... ([https:// is4 k.es](https://is4k.es))
- Tamén é de vital importancia que o alumnado saiba que, cando na plataforma de aprendizaxe virtual E-Dixgal estea a suceder algo que lles incomode, a eles mesmos ou a algún/ha compañeiro/a, poden comunicarllo á súa familia, creando así un **clima de confianza**. No caso de que algún membro do alumnado comunique á súa familia ou esta sospeite que se está producindo un mal uso da plataforma de aprendizaxe virtual E-Dixgal (por exemplo, envío de vídeos ou fotografías; envío ou difusión de mensaxes ofensivas, discriminatorios, contido sexual ou violento; situacións de acoso; revelación de datos persoais; etc.), deberá comunicalo inmediatamente ao centro educativo a través do profesorado correspondente, da persoa designada como coordinadora de E- Dixgal ou da Dirección ou ao/á Coordinador/a de Benestar e Protección, para que se tomen as medidas oportunas, entre as que podería contemplarse a posta en coñecemento da Fiscalía, se as accións levadas a cabo puidesen ser constitutivas de delito.
- O mal uso ou tratamento incorrecto de información persoal, poderá dar lugar á comisión de diversos delitos, sen que en ocasións se chegue a ser consciente diso. Así, poderíanse dar situacións de:
 - Descubrimento, revelación de segredos e integridade moral: se se publican, sen autorización da persoa interesada, fotos, vídeos ou audios íntimos doutra persoa; se se accede ao seu perfil na plataforma sen o seu consentimento para coñecer datos, conversacións...
 - Ameazas, coaccións ou acoso: se se ameaza con publicar feitos da súa vida privada que lle poidan prexudicar na súa fama ou crédito, ou con facer dano aos seus familiares, ou se molesta á outra persoa de maneira que se altera gravemente a súa vida cotiá, por exemplo, acosándoa, ameazándoa, humillándoa.
 - Calumnias e injurias: se se difunde información que atribúe a unha persoa cometer un delito sabendo con certeza que non é verdade ou co fin de lesionar a súa dignidade, fama ou estima mediante ofensas, insultos, etc.
 - Suplantación de identidade: cando unha terceira persoa actúa en nome doutra con fins maliciosos e facéndose pasar por esta.
 - Delito de odio: cando publicamente se fomenta, promove ou se incita directa ou indirectamente ao odio, hostilidade, discriminación ou violencia, contra un grupo, unha parte deste ou contra unha persoa determinada por razón da súa raza, orientación sexual, crenzas, ideoloxía...
- Pola súa banda, **os centros educativos**, no ámbito das súas respectivas competencias, **proporcionarán ás familias e a aquelas persoas que convivan habitualmente co alumnado, en múltiples formas, o apoio necesario para para crear unha contorna segura, previr factores de risco e fortalecer os factores de protección, así como apoiar o labor educativo e protectora dos proxenitores, ou de quen exerza funcións de tutela, garda ou acollemento, para que poidan desenvolver adecuadamente o seu rol parental ou tutelar.**

4. USO DA PLATAFORMA DE APRENDIZAXE VIRTUAL EDIXGAL POLO PROFESORADO E EQUIPOS DE DIRECCIÓN E ORIENTACIÓN DOS CENTROS.

4.1. Fomento do uso seguro das TIC no ámbito educativo e apoio ao alumnado e familias

A Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación (LOE), no seu artigo 14.5, establece a obrigaón das Administracións educativas de fomentar experiencias de iniciación temperá nas tecnoloxías da información e a comunicación. Xa no ámbito da educación primaria, estas deberán contribuír a desenvolver nos nenos e nenas as capacidades que lles permitan desenvolver as competencias tecnolóxicas básicas e iniciarse na súa utilización, para a aprendizaxe, desenvolvendo un espírito crítico ante o seu funcionamento e as mensaxes que reciben e elaboran (artigo 17. i) da LOE).

Na mesma liña, o artigo 9 quáter da Lei Orgánica 1/1996, do 15 de xaneiro de protección xurídica do menor dispón que, a través do sistema educativo, implantarase o coñecemento que os menores deben ter dos seus dereitos e deberes como cidadáns, incluíndo entre estes aqueles que se xeren como consecuencia da utilización na contorna docente das Tecnoloxías da Información e Comunicación.

Neste contexto, cobra especial relevancia a prevención de casos de violencia dixital (Lei Orgánica 8/2021, do 4 de xuño, de protección integral da nenez e a adolescencia contra a violencia), entendida esta violencia como calquera acción, omisión ou trato negligente que priva aos menores de idade dos seus dereitos e benestar, que ameace ou interfira co seu ordenado desenvolvemento físico, psíquico ou social, independentemente dos seus medios ou forma de comisión, incluída a realizada a través das tecnoloxías da información e a comunicación, especialmente a violencia dixital. Esta norma establece, así mesmo, que os centros educativos, no ámbito das súas respectivas competencias, proporcionarán ás familias e a aquelas persoas que convivan habitualmente co alumnado, en múltiples formas, o apoio necesario para para crear unha contorna segura, previr factores de risco e fortalecer os factores de protección, así como apoiar o labor educativo e protectora dos proxenitores, ou de quen exerza funcións de tutela, garda ou acollemento, para que poidan desenvolver adecuadamente o seu rol parental ou tutelar.

Nesta labor, tamén serán de gran utilidade para os docentes os contidos de diferentes páxinas web oficiais de organismos e autoridades, nas que poderán atopar materiais educativos sobre seguridade en medios dixitais:

- Ti Decides na internet: espazo web da Axencia Española de Protección de Datos (AEPD) no que se poden atopar todo tipo de materiais relacionados con protección de datos, privacidade e menores (<https://www.tudecideseninternet.es/>)
- Aseguratic: o Instituto Nacional de Tecnoloxías Educativas e de Formación do Profesorado (INTEF) xunto á AEPD e outras entidades puxeron en marcha o espazo web Aseguratic, un dos maiores repositorios de materiais educativos sobre seguridade dos/das menores en medios dixitais (<https://intef.es/aseguratic/>)
- Internet segura for kids: espazo do Instituto Nacional de Ciberseguridad - Incibe con recursos e formación en materia de privacidade, uso das TIC, prevención do ciber acoso, prevención do grooming... (<https://is4k.es>)

Na implantación desta tecnoloxía e a educación no bo uso desta, o profesorado e Dirección dos Centros educativos deberán seguir unha serie pautas, que se establecen no apartado seguinte.

4.2. Boas prácticas para o profesorado e os equipos de Dirección

A continuación, expóñense unha listaxe de boas prácticas para o profesorado e os equipos de dirección dos centros educativos con respecto ao uso da plataforma de aprendizaxe virtual E-Dixgal:

- **O profesorado, o equipo orientador e a Dirección do Centro fomentarán o uso adecuado da plataforma de aprendizaxe virtual E-Dixgal entre o alumnado e as súas familias.**
- O uso da plataforma de aprendizaxe virtual E-Dixgal por parte do profesorado limitarase a **cuestións estritamente educativas** (resposta a preguntas, coordinación de grupos de traballo, comentarios sobre os temas...). Se algún membro do profesorado detectase que a plataforma de aprendizaxe virtual E-Dixgal está a utilizarse para finalidades distintas, deberá advertir ao/á alumno/a ou á súa familia deste extremo. Se a situación persiste, o persoal docente deberá poñelo en coñecemento da Dirección do Centro, ou do coordinador ou coordinadora de benestar e protección. A plataforma de aprendizaxe virtual E-Dixgal **non se utilizará para intercambiar ou revelar datos persoais do alumnado, as súas familias nin do profesorado**, como números de teléfono, direccións postais, localizacións, datos bancarios; ou outros datos de carácter confidencial, como contrasinais.
- A plataforma de aprendizaxe virtual E-Dixgal **non se utilizará como vía para compartir vídeos ou fotografías nas que se identifique a persoas físicas** (alumnado, familias, profesorado, etc.), que non estean directamente relacionadas coa función educativa. No caso de que o profesorado fose destinatario destas, non deberá reenvialas ou difundilas por este ou ningún outro medio, e poñerao en coñecemento da Dirección do Centro ou da persoa designada como Coordinadora Edixgal
- Para a **resolución de conflitos ou cuestións importantes que deban ser transmitidas polo profesorado ou a Dirección do Centro ao alumnado ou as súas familias, será preferible o contacto por outras vías diferentes** (correo electrónico, teléfono, en persoa, etc.). No caso de que o alumnado ou as súas familias contactasen co profesorado a través da plataforma de aprendizaxe virtual E-Dixgal para tratar este tipo de cuestións, redirixirse a estes a outras vías de contacto.
- A plataforma de aprendizaxe virtual E-Dixgal permite a difusión de mensaxes grupais, debendo prestar especial atención a estas. **Non caberán as comunicacións grupais sobre cuestións que afecten a un único alumno** e que, por tanto, deban ser comunicadas en privado. Antes de remitir calquera mensaxe grupal, o profesorado deberá asegurarse de que **todas as persoas destinatarias deste deban ser coñecedoras da devandita información.**
- **O centro educativo poderá acceder e dispoñer daquelas mensaxes e outros contidos do alumnado que resulten necesarios para tramitar unha medida correctora** no caso de que un uso indebido da plataforma de aprendizaxe virtual E-Dixgal supuxese unha infracción das normas de convivencia e conduta do seu plan de convivencia. O acceso e tratamento desta información deberá seguir as seguintes pautas:
 - A procura deste tipo de contido deberá acoutarse a funcionalidades e períodos concretos.

- O uso da devandita información deberá limitarse á finalidade perseguida (investigación e tramitación da correspondente medida correctora).
- As persoas usuarias autorizadas ao seu manexo e acceso serán as mínimas indispensables para tramitar de forma correcta a medida correctora.
- A información relacionada coas labores de investigación, así como o resultado desta deberá comunicarse ás persoas autorizadas empregando medidas de seguridade adicionais (por ex. cifrado, ...) que se consultarán en cada caso co departamento que corresponda.
- No caso de que o profesorado teña **sospeita ou coñecemento dun mal uso da plataforma** (mensaxes ofensivas, discriminatorios, situacións de acoso, contido sexual ou violento, intercambio de información confidencial, cuestións alleas ao académico, etc.), **deberá notificárllelo á Dirección do Centro, á persoa designada como Coordinadora Edixgal ou ao/á Coordinador/a de Benestar e Protección**, para poder atender adecuadamente a situación.

As anteriores indicacións xunto coa información relativa ao tratamento de datos persoais derivado do uso da plataforma serán presentadas no momento de acceso á ferramenta, de modo que o profesorado e os equipos de dirección as teña presentes no seu uso cotián.